



## Concello de Viveiro

---

### **ACTA DA XUNTA DE GOBERNO**

### **SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA QUINCE DE FEBREIRO DE 2017.**

#### **ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCÍA  
D<sup>a</sup>. MARIA ISABEL RODRÍGUEZ LÓPEZ.  
D. JESUS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ  
D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ

#### **SECRETARIA XERAL:**

D<sup>a</sup>. MARILUZ BALSA RÁBADE

#### **INTERVENTOR POR ACUMULACIÓN:**

D. SERGIO AGUADO DELICADO

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do día 15 de febreiro de 2017, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan a súa asistencia os concelleiros D. Jesus Antonio Fernández Cal e D<sup>a</sup>. Lara Fernández Fernández-Noriega.

Á hora sinalada para este acto pola Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 06-02-17.**

Non existindo ningunha obxección ó respecto procédese á aprobación da acta da sesión celebrada o día 06 de febreiro de 2017.

### **2.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN**

---

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

## Concello de Viveiro

---

### **EXPTE. 4570/2016.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRA DENOMINADO "MEJORA, EFICIENCIA ENERGÉTICA Y NUEVA INSTALACIÓN DE ALUMBRADO PÚBLICO EN PÉNJAMO" .**

Visto o Proxecto de obra, redactado polo arquitecto de obras municipal, D. Santiago Meitín Miguez, que se relaciona a continuación:

"Mejora, eficiencia energética y nueva instalación de alumbrado público en Pénjamo" redactado polo arquitecto de obras municipal en xaneiro de 2017, por importe de 33.634,52 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Expoñer ó público durante 20 días, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, o Proxecto de obra anteriormente referido.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para o cumprimento do referido no punto primeiro.

### **EXPTE. 631/2017.-**

Visto o expediente 631/2017, referente á execución subsidiaria da demolición e retirada de escombros do inmovible sito no Camiño de Río dos Foles nº 34, en Viveiro.

Visto o informe emitido polo encargado do servizo de contratación, no que se recollen os antecedentes do referido expediente e se sinala que *"considerando que non consta no Servizo de Contratación informe técnico actual que describa o estado actual da edificación e a forma de executar as obras, elevo este informe á Secretaría municipal e Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento e para a adopción das decisións que estimen oportunas, previas á tramitación do expediente de contratación para adxudicación das obras"*.

Visto o informe emitido pola Secretaria Xeral, no que se sinala o seguinte:

*"Visto o expediente 631/2017, referente á demolición e retirada de escombros do inmovible sito no Camiño de Río dos Foles nº 34, en Viveiro.*

*En base aos seguintes ANTECEDENTES e FUNDAMENTOS*

*Constan no expediente, en resumo, os seguintes antecedentes:*

*- Informe técnico municipal sobre o estado da vivenda, con indicación da situación de ruina e a indicación do orzamento dos traballos de demolición e acondicionamento de solar, que data de 25 de novembro de 2008.*

*- Resolución de alcaldía pola que se acorda a execución subsidiaria referente ao expediente de ruina 4/2008, dispoñendo a realización da execución subsidiaria das obras de demolición do inmovible sito na Rúa Río dos Foles Nº 34, requirindo ao titular para o ingreso cautelar da cantidade de 6.018,00 euros segundo o orzamento que consta no expediente.*

*- Consta ingreso en vía executiva da cantidade de 8.219,25 euros.*

---

## Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

---

- En data 26 de xaneiro de 2017 requírese á empresa ofertante do orzamento de 6.018,00 euros (presentada no 2010) para que proceda á súa actualización.

- Preséntase pola empresa (Villasuso Ortegalea S.L.) orzamento de 6.171,00 euros.

- Consta retención de crédito na partida 1510.22699 por importe de 6.171,00 euros para a execución da referida demolición.

- No informe técnico de 2008 , polo que respecta á demolición faise referencia exclusivamente ao orzamento, co seguinte desglose:

- ⇒ Orzamento de demolición.
- ⇒ Carga-transporte e canon de vertido
- ⇒ Acondicionamento dos muros medianeiros
- ⇒ Capa de zahorra en solar
- ⇒ Peche de solar

- No orzamento remitido pola empresa indícase que os traballos de demolición consistirán na demolición da estrutura da cuberta así como a demolición dos forxados horizontais formados por vigas e puntóns de madeira e a fachada. Ao tratarse dunha vivenda adosada formada por muros de carga medianeiros, éstos non se demolerán, e realizarase o corte entre a fachada e a medianeira.

Tendo en conta que a data do informe técnico municipal é de 2008, que o desglose referido no orzamento de demolición que consta no devandito informe técnico non se corresponde coas obras descritas no orzamento presentado pola empresa, que non consta no expediente un informe técnico actualizado sobre o estado actual da vivenda (posto que pasaron máis de oito anos), nin se contempla a necesidade ou non de proxecto para a realización das obras ou a descripción concreta das obras a realizar tendo en conta que se trata dunha vivenda con paredes ou muros medianeiros.

### INFORMO

Que previo á continuidade do expediente de execución subsidiaria das obras de demolición debe requerirse a emisión de informe técnico actualizado sobre a referida edificación, no que se contemplan e aclaren as cuestións indicadas no presente informe."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Solicitar que por parte da aparelladora da oficina de rehabilitación do casco histórico se emita novo informe sobre o estado actual da edificación a demoler mediante execución subsidiaria, especificando os traballos a realizar para a súa execución e informe sobre a situación da edificación colindante e as medidas a adoptar respecto á mesma.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para a tramitación do acordado no punto primeiro.

### **EXPTE. 927/2017.- SOLICITUDE DE PRÓRROGA.**

Visto o escrito presentado por D<sup>a</sup>. Elvira Montes Otero, en calidade de administradora da empresa DEPLAT, S.L., con domicilio na rúa Virxe do

## Concello de Viveiro

---

Camiño, 59, Pontevedra, no que manifesta que con data 19 de febreiro de 2016 foille adxudicado o contrato “Servizo de Xestión Catastral do Concello de Viveiro”, indicando que seguen pendentes de actualizar e incluír no padrón de I.B.I. unha parte considerable de inmobles, e solicitando prórroga dun ano máis.

Visto o informe emitido polo Servizo de Contratación, que entre outros di:

“(…)

1

3. Que a cláusula 3.2 do contrato e 2 do prego de cláusulas administrativas particulares, que forma parte íntegra do contrato, contemplan a posibilidade de prórroga por un ano máis. Non entanto, no referente ao procedemento para solicitar a prórroga contractual, a cláusula 2 do prego de cláusulas administrativas dí expresamente o seguinte:

“A formalización da prórroga deberá acordarse expresamente polo órgano de contratación, que, para este tipo de contrato, será a Xunta de Goberno Local. Para a súa tramitación procederase do seguinte xeito: 1. Cunha antelación previa de tres meses anteriores ao remate do contrato a empresa contratista, de estar interesada na prórroga contractual, solicitará expresamente ao Concello a prórroga anual do contrato mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello. (...) Se a entidade contratista non solicita a prórroga cunha antelación previa de tres meses anteriores ao remate do contrato, entenderase que non está interesada na continuidade da prestación, e o Concello poderá decidir sobre a futura execución do servizo. (...)”

(...)”

Tendo en conta que a cláusula 2 do prego de cláusulas administrativas que rexeu o contrato establece o seguinte:

“A concesión da prórroga deberá adoptarse cunha antelación mínima de tres meses respecto do día de remate do contrato, sen que caiba a prórroga tácita.

A formalización da prórroga deberá acordarse expresamente polo órgano de contratación, que, para este tipo de contrato, será a Xunta de Goberno Local. Para a súa tramitación procederase do seguinte xeito:

1. Cunha antelación previa de tres meses anteriores ao remate do contrato a empresa contratista, de estar interesada na prórroga contractual, solicitará expresamente ao Concello a prórroga anual do contrato mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.
2. O escrito de solicitude de prórroga, instado polo contratista, previos os informes que a Secretaría do Concello considere necesarios, será elevado aos órganos municipais competentes para o seu estudo. Finalmente será a Xunta de Goberno Local a que autorice ou denegue a prórroga.

(...)

Se a entidade contratista non solicita a prórroga cunha antelación previa de tres meses anteriores ao remate do contrato, entenderase que non está interesada na continuidade da prestación, e o Concello poderá decidir sobre a futura execución do servizo.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Desestimar a solicitude de prórroga presentada pola empresa DEPLAT S.L. para o contrato “Servizo de Xestión Catastral do Concello de Viveiro”, por estar presentada fóra de prazo segundo o establecido no prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para o

## Concello de Viveiro

---

cumprimento do referido no punto primeiro e para o inicio de novo proceso de contratación.

### **3.- SOLICITUDE DE SUBVENCIONS**

#### **EXPTE. 1107/2017.-**

Vista a proposta da Alcaldía para a solicitude de subvención, que deseguido se transcribe:

*“Vista a Orde de 30 de decembro de 2016 pola que se regulan os criterios de reparto e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña de concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2017, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (publicada no DOGA de 20 de xaneiro de 2017).*

*Tendo en conta que esta alcaldía está interesada en solicitar dita subvención para execución do proxecto denominado “Proyecto de mejora y reposición de saneamiento, redes de sumideros y abastecimiento de agua en el tramo comprendido entre el nº 70 y nº 96 de la calle Rúa Grande de Celeiro, Viveiro (Lugo)” cun orzamento de 99.855,29€ (IVE engadido).*

#### **DISPOÑO:**

*1. Propoñer á Xunta de Goberno Local solicitar a subvención ao amparo da orde pola que se regulan os criterios de reparto e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións do Fondo de Compensación Ambiental do ano 2017, aceptando as condicións de financiación e demais requisitos establecidos na orde para o proxecto denominado “Proyecto de mejora y reposición de saneamiento, redes de sumideros y abastecimiento de agua en el tramo comprendido entre el nº 70 y nº 96 de la calle rúa Grande de Celeiro, Viveiro (Lugo)”, cun presuposto total de 99.855,29€ integrado pola seguinte actuación:*

*“Proxecto de mellora e reposición de saneamento, redes de sumidoiros e abastecemento de auga no tramo comprendido entre o nº 70 e nº 96 da Rúa Grande de Celeiro, Viveiro (Lugo)”, por importe de 99.855,99 euros.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Solicitar a subvención ao amparo da orde pola que se regulan os criterios de reparto e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións do Fondo de Compensación Ambiental do ano 2017, aceptando as condicións de financiación e demais requisitos establecidos na orde para o proxecto denominado “Proyecto de mejora y reposición de saneamiento, redes de sumideros y abastecimiento de agua en el tramo comprendido entre el nº 70 y nº 96 de la calle rúa Grande de Celeiro, Viveiro (Lugo)”, cun presuposto total de 99.855,29€ integrado pola seguinte actuación:

*“Proxecto de mellora e reposición de saneamento, redes de sumidoiros e abastecemento de auga no tramo comprendido entre o nº 70 e nº 96 da Rúa Grande de Celeiro, Viveiro (Lugo)”, por importe de 99.855,99 euros.*

## Concello de Viveiro

Segundo.- Dar traslado do presente expediente ao Servizo de Subvencións para a súa tramitación e continuidade do expediente.

Terceiro.- Dar traslado do presente expediente ao Servizo de contratación para o seu coñecemento.

### EXPTE. 1025/2017.-

Visto o escrito presentado polo Centro de Servizos Sociais municipal, no que informa que vista a Resolución do 28 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos, e a xeodestinos de Galicia para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017, e visto o proxecto presentado polo departamento de subvencións, se debe acordar pola Xunta de Goberno Local solicitar a subvención referida e comprometerse a financiar o improte da actividade que non resulte subvencionado ao amparo da referida orde.

Visto o informe de intervención no que se sinala a existencia de crédito orzamentario para facer fronte ao financiamento do importe da actividade que non resulte subvencionado ata o importe total de execución que é de 6.854,36 €, no programa 4300 (Turismo)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Solicitar a subvención segundo a Resolución do 28 de decembro de 2016.

Segundo.- Adoptar o compromiso de financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado ao amparo desta Orde ata o importe total de execución prevista na seguinte taboa segundo os gastos de persoal establecidos na Lei 48/2015 de presupostos xerais do Estado para o ano 2016 publicado no BOE do 30 de outubro de 2015, e que conforme ao mesmo, o salario a abonar aos traballadores é, en importe mensual, o da seguinte táboa:

NÚM. TRAB	GRUPO COTIZAC. SEG. SOC.	OCUPACIÓN	CNAE 2009 OCUPACIÓN	CUSTO UNITARIO MENSUAL			CUSTOS TOTAIS			
				SALARIO BRUTO (1)	%COTA PATRONAL SEG. SOC.	COTA PATRONAL Á SEG. SOCIAL	TOTAL CUSTO MENSUAL	DURACIÓN CONTRATO EN MESES	TIPO XORNADA %	CUSTOS SALARIAIS TOTAIS
1	5 C1 nivel 18	Técnico en turismo	8411	1297,19	32,10%	416,40	1713,59	4	100%	6854,36



## Concello de Viveiro

TOTAL SUBVENCIONABLE							6854,36
----------------------	--	--	--	--	--	--	---------

(1) Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Subvencións para a súa tramitación.

### **EXPTE. 1027/2017.-**

Visto o escrito presentado polo Centro de Servizos Sociais municipal, no que informa que vista a RESOLUCIÓN do 29 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017, e o proxecto presentado polo departamento de subvencións, se solicita a adopción de acordo para a súa tramitación.

Visto o informe emitido pola intervención municipal no que se informa sobre a existencia de crédito para facer fronte ao financiamento do importe da actividade que non resulte subvencionado ata o importe total de execución que é de 3.200,00 € (cantidade solicitada 3.000,00 €), na aplicación orzamentaria 4300-22602

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto da festa do Naseiro.

Segundo.- Solicitar a subvención e financiar o importe do orzamento do evento que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista segundo a documentación achegada coa solicitude.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Subvencións para a súa tramitación.

## **4.- LICENZAS URBANÍSTICAS**

### **Expte. 329/2017.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

Vista a solicitude de licenza de primeira ocupación, presentada por D<sup>a</sup>. Silvia Rolle Fraga, de vivenda unifamiliar en San Pedro, Lg Pedrouzos.

Visto que, no informe xurídico obrante no expediente, constan os seguintes antecedentes:

---

## Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

---

-D<sup>a</sup> Silvia Rolle Fraga, titular da licenza de obras tramitada co número de expediente URB/285/2014] presentou, en fecha 30 de decembro de 2016, a solicitude de licenza de primeira ocupación para o INMOBLE (VIVENDA UNIFAMILIAR) construído na finca de referencia catastral 27067A037010260000XU, situado en PEDROUZOS-SAN PEDRO desta localidade.

- De acordo co disposto no artigo 143.4 da LSG e 355.3 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG, os Servizos técnicos municipais practicaron unha visita de comprobación, despois da cal foi redactado informe de conformidade do executado coa documentación obrante no expediente.

Visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal, donde se sinala que realizada a visita de comprobación das obras executadas, se comproba que o executado se axusta á documentación obrante no expediente se considera que a vivenda se atopa en condicións de ser habitada.

Conclúe o informe xurídico sinalando que visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable, que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística aplicable, e que procede a súa resolución pola Xunta de Goberno, en virtude da delegación de atribucións efectuada mediante resolución da Alcaldía de data 3 de xullo de 2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder a licenza de primeira ocupación para o INMOBLE (VIVENDA UNIFAMILIAR) construído na finca de referencia catastral 27067A037010260000XU, situado en Pedrouzos - San Pedro desta localidade, a favor de D<sup>a</sup>. Silvia Rolle Fraga , titular da licenza de obras núm. URB/285/2014.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

### **Expte. 330/2017.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

Vista a solicitude de licenza de primeira ocupación, presentada por D. David Gomez Portilla e D<sup>a</sup>. Virginia Maria Mariño Garcia, de vivenda unifamiliar en Outeiro, Magazos.

Visto que, no informe xurídico obrante no expediente constan os seguintes antecedentes:



## Concello de Viveiro

---

- D. David Gomez Portilla e D<sup>a</sup>. Virginia Maria Mariño Garcia, titulares da licenza de obras tramitada co número de expediente URB/148/2014 presentaron, en fecha 10 de xaneiro de 2017, a solicitude de licenza de primeira ocupación para o INMOBLE (VIVENDA UNIFAMILIAR) construído na finca de referencia catastral 27067A016003700000XR, situada OUTEIRO\_MAGAZOS desta localidade, acompañada da documentación técnica legalmente exixible.

- De acordo co disposto no artigo 143.4 da LSG e 355.3 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG, os Servizos técnicos municipais practicaron unha visita de comprobación, despois da cal foi redactado informe de conformidade do executado coa documentación obrante no expediente.

Visto o informe técnico favorable emitido pola aparelladora da Oficina de Rehabilitación.

*No informe técnico sinálase que realizada visita de comprobación se constata que a edificación se axusta ao proxecto básico, de execución, á licenza outorgada en data 10 de febreiro de 2015 e á documentación final de obra formada polo certificado final de obra, documento de información relativo ao estado definitivo e xustificación do cumprimento do CTB DB-HE, sendo substituída a instalación de captación de enerxía solar térmica por unha instalación de xeotermia de tipoloxía A2. Sinálase así mesmo no informe técnico que se deu cumprimento á cesión de viais asinada con data 12 de xaneiro de 2015 polo promotor da obra e o Concello de Viveiro. Dito vial trátase dun camiño rústico en desuso, sen pavimentar nin asfaltar. Sinálase así mesmo que foron executadas as obras de urbanización consistentes nas acometidas á rede de subministro de electricidade e abastecemento de auga, mentres que a xestión de augas residuais resolveuse mediante a instalación dunha fosa séptica. Engade que segundo o disposto na Lei 37/2003, de 17 de novembro do ruído e o Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, non é necesaria a presentación do certificado de illamento acústico debido a que se trata de vivenda unifamiliar, non procedendo igualmente a presentación do boletín de instalación ICT asinado pola empresa instaladora e o certificado de fin de obra de ICT. Conclúe que a vivenda unifamiliar está rematada e apta para o seu uso.*

Visto o informe xurídico favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo

Conclúe o informe xurídico sinalando que visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable, que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística aplicable, e que procede a súa resolución pola Xunta de Goberno, en virtude da delegación de atribucións efectuada mediante resolución da Alcaldía de data 3 de xullo de 2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder a licenza de primeira ocupación para o INMOBLE (VIVENDA UNIFAMILIAR) construído na finca de referencia catastral 27067A016003700000XR, situado en OUTEIRO\_MAGAZOS desta localidade,



## Concello de Viveiro

---

a favor de D. David Gomez Portilla e D<sup>a</sup>. Virginia Maria Mariño Garcia, titulares da licenza de obras tramitada co número de expediente, URB/148/2014.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

### **EXPTE. 1120/2016.- MODIFICACIÓNS EN LICENZA DE OBRA.**

Vista a solicitude de introdución de modificacións en licenza de obras concedida en data 21 de novembro de 2016 presentada por D. Roberto Antonio Martinez Pedre e D.<sup>a</sup> Elisabet Gomez Fernández.

Visto que no informe xurídico obrante no expediente, constan os seguintes antecedentes:

- A Xunta de Goberno Local concedeu licenza a ROBERTO ANTONIO MARTINEZ PEDRE E ELISABET GOMEZ FERNANDEZ en data 21 de novembro de 2016, de CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR (S+B+BC) en soar sito en SANTO ALBITES, de acordo co proxecto básico redactado pola arquitecta, D<sup>a</sup>. Susana Pérez Pereiras, visado co número 1603740, coa obriga de presentar proxecto de execución antes de iniciar a execución material das obras e oficios de dirección e coordinación en materia de seguridade e saúde.

-O 5 de decembro de 2016 os interesados achegan un reformado do proxecto básico descrito no punto anterior e de execución, en formato CD, redactado pola mencionada arquitecta e visado polo COAG en data 2 de decembro de 2016. Conforme dí a memoria descritiva, as modificacións introducidas sobre o proxecto inicial licenciado, consisten nun pequeno incremento da superficie construída da planta sotano e modificacións na distribución interior da vivenda proxectada.

Visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal.

No informe técnico sinálase que o presente proxecto modificado de básico e de execución [n<sup>o</sup> de visado 1603740,4 de 2 de decembro de 2016], define e completa ao proxecto básico [n<sup>o</sup> de visado 1603740,1 de 22 de xuño de 2016].

#### Modificacións:

- Modificación na disposición da planta soto. Auméntase lixeiramente a superficie construída en 2,77 m<sup>2</sup>

- Pequenas variacións na distribución interior na zona de habitacións e espazos comúns.

Segundo a solicitude presentada na obra non se producen alteracións que afecten as condicións urbanísticas xustificadas no proxecto básico.

Visto o informe xurídico favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo.

---

## Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

---

No informe xurídico referido sinálase o seguinte:

-A proposta de modificación do proxecto e licenza concedida aos interesados estriba no incremento en 2,77 metros cadrados da superficie construída en planta sotano, sen afectar ao resto das plantas; e na modificación da distribución interior do inmovible.

Respecto da solicitude de modificación da licenza concedida, nin a actual LSG nin o Regulamento daquela fan referencia expresa a tal extremo; resulta por tanto de aplicación o establecido no artigo 16 da Ordenanza municipal de tramitación de licenzas urbanísticas (BOP de Lugo n.º 88, de 18 abril de 2007), cuíñas previsións non resultan afectadas pola disposición derogatoria única da LSG, ao non se opoñer ao disposto nela.

De conformidade co disposto nos apartados 2 e 4 do artigo 16 da Ordenanza municipal, as alteracións que pretendan introducirse durante a execución das obras autorizadas precisarán de aprobación municipal só cando supoñan cambios de uso ou afecten ás condicións de volume e forma dos edificios, á posición e ocupación do edificio na parcela, á edificabilidade, ó número de vivendas, ás condicións de seguridade ou á estética; a licenza que se conceda limitárase a recoller o contido da modificación, facendo referencia á licenza que se modifica.

No presente caso, resulta necesaria a aprobación municipal por resultar afectada a ocupación do edificio na parcela, que se ve aumentada en 2,77 metros cadrados.

- Que, segundo o informe dos servizos técnicos municipais ao expediente, as modificacións propostas descritas no proxecto técnico achegado non producen alteracións que afecten ás condicións urbanísticas xustificadas no proxecto básico co que se obtivo a licenza, nin varía o presuposto de execución material.

Conclúe o informe xurídico sinalando que visto canto antecede, este servizo informa favorablemente a solicitude de modificacións en licenza de obras concedida en data 21 de novembro de 2016 (expediente 1120/2016) procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante resolución do 3 de xullo de 2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Autorizar a D. Roberto Antonio Martínez Pedre e D<sup>a</sup>. Elisabet Gómez Fernández a introdución - nas obras amparadas pola licenza concedida o 21 de novembro de 2016 (expediente 1120/2016) para a CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR en soar sito en SANTO ALBITES- das seguintes modificacións, de acordo co documento “ *modificado de proxecto básico e de execución*” asinado pola arquitecta Susana Perez Pereiras, visado polo COAG en data 2 de decembro de 2016:

- Incremento en 2,77 metros cadrados da superficie construída en planta sotano, sen afectar ao resto das plantas.
- Modificación da distribución interior do inmovible. execución dunha soa vivenda por planta, reducíndose polo tanto de nove a tres.

Segundo.- A autorización municipal non altera os prazos para o inicio e terminación das obras nin o resto das determinacións da licenza outorgada o 21 de novembro de 2016.

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para

## Concello de Viveiro

---

excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

### **EXPTE. 3721/2016. LICENZA DE OBRA.**

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Roberto Rebolo Soto, para executar obras de SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA EN EDIFICACION EXISTENTE (MUIÑO), sita en LG. Acea Vella\_Muiños - San Pedro, deste municipio, na finca de referencia catastral 27067A037006180000XR, Poligono 37 parcela 618.

Coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Luis Eijo Valle, visado polo COAG o 18 de abril de 2016 co número 1602122, e oficio de dirección facultativa a favor do citado arquitecto.
- Autorización sectorial en materia de protección do dominio público-hidráulico para as anteditas obras, de data 24 outubro de 2016.
- Xustificante do pagamento dos tributos municipais.

Visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal.

No informe técnico sinálase que a clasificación do solo segundo a QUP é solo rústico especialmente protexido. Ordenanza de aplicación 9. Trátase dunha parcela de referencia catastral nº27067A037006180000XR, polígono 37, parcela 618 Acea Vella. Preséntase un proxecto de execución de cuberta en edificación existente. Trátase da construción dunha nova cuberta a dúas augas en muiño da Acea Vella. As modificacións propostas adecúanse ao entorno onde se atopa atendendo á súa forma e materiais empregados incorporando solucións actuais integradas no conxunto. Non se modifica o volume. Respecto ao cumprimento da normativa urbanística sinálase no informe técnico que se trata de obras de rehabilitación de edificación existente de carácter tradicional. Dáse cumprimento ao disposto na lei 2/2016 do Solo de Galicia no artigo 40 referido a edificacións existentes de carácter tradicional en solo rústico. Mantéñense as características esenciais do edificio, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria. Non se modifica o volume existente.

Respecto ás afeccións sinálase que a parcela se atopa dentro da zona de servidume do rego dos Muiños, obras dentro deste ámbito requirirán da autorización sectorial de Augas de Galicia, Real Decreto 849/86 de 11 de abril polo que se aproba o regulamento do dominio público hidráulico. Presenta autorización de Augas de Galicia con data 24 de outubro de 2016.

Segundo o arquitecto, D. Luís Eijo Valle fai constar que o proxecto cumpre coa normativa técnica aplicábel. Engádese que deben levarse a cabo os condicionamentos que se establecen na preceptiva autorización sectorial.

Visto o informe xurídico favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo.

No informe xurídico referido sinálase o seguinte:

## Concello de Viveiro

---

- Os artigos 142 LSG e e 351.1, letra a) do Regulamento LSG, suxeitan a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, entre outros, os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen proxecto de obras de edificación.

A normativa aludida nos citados preceptos é a Lei de Ordenación da Edificación que exige a redacción de proxecto para as intervencións sobre edificios existentes sempre e cando alteren a súa configuración arquitectónica, entendendo como tales (...) as que produzan unha variación do sistema estrutural.

As obras propostas, de substitución de cuberta, en canto precisan de proxecto de obras, han de ser tramitadas polo procedemento de licenza

- De conformidade co disposto nos artigos 143 LSG e 350 do Regulamento, as licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, e non poderán outorgarse ata que sexan concedidas as autorizacións ou informes administrativos previos que sexan exigibles nos termos da lexislación sectorial vixente. No expediente consta a autorización de Augas de Galicia para a execución das obras, por atoparse o inmovible na zona de policía do rego dos Muiños, tal e como queda mencionado no antecedente primeiro deste informe.

- O informe do arquitecto municipal constata a adecuación do acto pretendido ao planeamento urbanístico. O Planeamento aplicable para a resolución da solicitude de licenza urbanística é o contido no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento. No ámbito do solo rústico especialmente protexido regulado no punto 2 do Anexo do citado Decreto, en relación co artigo 40 da LSG, permítense as obras solicitadas

Conclúe o informe xurídico sinalando que visto canto antecede este servizo considera que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante resolución do 3 de xullo de 2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder a D. Roberto Rebolo Soto, licenza urbanística para executar obras de substitución de cuberta en edificación existente (MUIÑO), sita en LG. Acea Vella\_Muiños-San Pedro, deste municipio, na finca de referencia catastral 27067A037006180000XR, Poligono 37 parcela 618, de acordo co proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto, D. Luis Eijo Valle, visado polo COAG o 18 de abril de 2016 co número 1602122, e baixo a súa dirección facultativa.

Segundo.- As condicións ás que se suxeita a licenza son as seguintes:

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.

## Concello de Viveiro

---

- O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.
- A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número do expediente.

Terceiro .- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto .- Deben cumprirse os condicionamentos que se establecen na preceptiva autorización sectorial.

Quinto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

### **EXPTE. 3753/2016. LICENZA DE OBRA PARA DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE DE FARMACIA.**

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Pedro Michelena Miranda.

Visto que, segundo consta nos antecedentes referidos no informe xurídico obrante no expediente:

- Con fecha 14 de novembro de 2016 tivo entrada no rexistro xeral deste Concello a solicitude de licenza urbanística asinada por D. Pedro Michelena Miranda, para executar obras de construción dun edificio de planta soto, baixa, primeira e baixo cuberta para FARMACIA en Torre, n.º 91, Celeiro deste municipio, na finca de referencia catastral 3972609PJ133750002UZ.
- Coa solicitude achega a seguinte documentación:
  - Proxecto básico asinado polo arquitecto Francisco J. Hermida Trastoy en outubro de 2016.
  - Xustificante do pagamento dos tributos municipais.

## Concello de Viveiro

---

- Xunto coa anterior documentación, o promotor das obras chegou a seguinte documentación, relativa á actividade de farmacia:

- Memoria da actividade de farmacia (incorporada no punto 1.6.1 do proxecto técnico antedito.
- Xustificante do pagamento dos tributos municipais preceptivos.
- Declaración do titular da actividade de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubrida e as demais previstas no planeamento urbanístico.

- Consta no expediente oficio de dirección das obras e xustificante de ter constituído unha fianza por importe de 3.015,15 euros, en garantía da execución das obras de acondicionamento da fronte da parcela e beirarrúas, simultáneas á edificación principal, en cumprimento do disposto no artigo 20 letra b) da Lei do solo de Galicia e no artigo 353.2, letra e) do Regulamento da mesma.

Visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal.

No informe técnico sinálase o seguinte:

-Que a clasificación do solo segundo a OUP é solo urbano de baixa densidade. Ordenanza 1.4. Poderá adquirir a condición de soar executando as obras accesorias de escasa entidade consistentes en acondicionamento da vía no fronte da parcela con respecto ás aliñacións, execución das beirarrúas e acometida ás redes de servizos existentes.

- Datos catastrais: Referencia catastral nº3972609PJ1337S0002UZ, Cr. Ribadeo-Torre 91 solo. Superficie catastral 191, 00 m<sup>2</sup>.

- Cesións de viais

O artigo 20 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia referido a deberes dos propietarios de solo urbano consolidado que recolle, "a) *Ceder gratuitamente á administración titular da vía os terreos destinados a viais fóra das aliñacións establecidas no planeamento cando pretendan parcelar, edificar ou rehabilitar integralmente*".

1

superficie bruta: 191,00 m<sup>2</sup>

superficie cesións: 49,00 m<sup>2</sup> (segundo plano de cesións)

superficie neta [solo urbano]:142,00 m<sup>2</sup>

- Preséntase un proxecto básico de edificio planta soto, baixa, vivenda unifamiliar de soto, baixa, primeira e baixo cuberta, para oficina de farmacia. As propostas adecúanse ao entorno onde se atopa atendendo á súa forma e materiais empregados incorporando solucións actuais. A Edificación entre medianeiras, uso comercial-sanitario [farmacia]

- Cumprimento da normativa urbanística:

	PROXECTO	OUP
Superficie de parcela entre medianeiras	142,00 m <sup>2</sup>	[non esixible]
Ocupación de parcela entre medianeiras	97,65 m <sup>2</sup>	[non esixible]
Fronte mínimo de parcela entre medianeiras	11,50 m.	[non esixible]
Alturas	S+B+I+BC	S+B+I+BC

## Concello de Viveiro

---

Altura de cornisa	7,00 m.	7,00 m
Altura máx. cumieira	3,46 m.	4,00 m.
Retranqueo frontal	alineación	alineación
Fondo máx.	10,00 m.	10,00 m.
Pendente de cuberta	plana	< 45º

Segundo consta no proxecto os servizos urbanísticos están garantidos, contemplándose a realización das acometidas á rede eléctrica, de auga e de tratamento das augas residuais.

- Cumprimento da normativa técnica aplicable.

O arquitecto, D. Francisco J. Hermida Trastoy fai constar que o proxecto cumpre coa normativa técnica aplicábel.

- Orzamento

O orzamento de execución material segundo o proxecto presentado ascende á cantidade de 98.145,10€. Conforme, sen prexuízo das inspeccións que por parte do persoal municipal se estimen oportunas con obxecto de comprobar as obras realizadas.

-Obras de acondicionamento no fronte da parcela.

No informe técnico establécese que o artigo 20 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia referido a deberes dos propietarios de solo urbano consolidado que recolle, *"b) Completar pola súa conta a urbanización necesaria para que os terreos alcancen, se aínda non a teñen, a condición de soar, nos supostos de edificar ou rehabilitar integralmente. Para tal efecto, afrontarán os custos de urbanización precisos para completar os servizos urbanos e executar as obras necesarias para conectar coas redes de servizos e viaria en funcionamento"*.

Establécese unha fianza de 3.015,15 € correspondente ao presuposto de execución de contrata tras impostos, tendo en conta o presuposto de execución material achegado de 2.094,00 €, en concepto de garantía da execución das obras simultáneas ás de edificación para acondicionamento do fronte da parcela no recuamento establecido na ordenanza de aplicación con respecto ás aliñacións de planeamento, execución das beirarrúas.

-Fianza.

Establécese unha fianza de 2.500,00 € en concepto de garantía para reparación de posíbeis danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de construción.

- Condicionamentos.

Establécese a condición de que deberase deixar nas condicións óptimas de urbanización o terreo cedido ao Concello. Deberán quedar resoltas as acometidas ás redes de servizo así como o sistema separativo de augas fecais e pluviais en previsión de futuros usos urbanísticos que poda albergar a parcela. A tales efectos o arquitecto do servizo de obras do Concello, coordinará coa empresa executora, coas empresas de servizos e co persoal municipal de obras os traballos a executar no espazo público e determinará as condicións de execución da urbanización no que se refire a materiais e acabados, conforme as alineacións definidas no plano de cesións.

De ser necesario a ocupación da vía pública deberase solicitar a preceptiva autorización. Extremaranse as medidas de seguridade, sinalización e de protección na vía pública.

Consta no expediente, segundo os datos reflexados no informe xurídico, acta de cesión gratuita de terreos destinados a viais fóra das aliñacións establecidas no planeamento, para construción de nova edificación, asinada en fecha 1 de febreiro de 2017

Visto o informe xurídico favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo.

No informe xurídico referido sinálase o seguinte:

Visto que, no informe xurídico obrante no expediente, constan os seguintes antecedentes:



## Concello de Viveiro

---

- Os artigos 142 LSG e e 351.1, letra a) do Regulamento LSG, suxeitan a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, entre outros, os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen proxecto de obras de edificación.

A normativa aludida nos citados preceptos é a Lei de Ordenación da Edificación que exige a redacción de proxecto para as obras de edificación de nueva construción.

O artigo 6.3 do Código Técnico da Edificación, aprobado polo Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo dispón que, para os efectos da súa tramitación administrativa, o contido do proxecto básico será suficiente para solicitar a licenza municipal de outras, concesións ou outras autorizacións administrativas, pero insuficiente para iniciar a construción do edificio, para o que se precisa o proxecto de execución

- De conformidade co disposto nos artigos 143 LSG e 350 do Regulamento, as licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, e non poderán outorgarse ata que sexan concedidas as autorizacións ou informes administrativos previos que sexan exixibles nos termos da lexislación sectorial vixente. Non resultan precisas autorizacións e/ou informes sectoriais, segundo se deduce do informe dos servizos técnicos que consta no expediente

- O informe do arquitecto municipal constata a adecuación do acto pretendido ao planeamento urbanístico. O Planeamento aplicable para a resolución da solicitude de licenza urbanística é o contido no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento. No ámbito do solo urbano de baixa densidade, regulado no punto 1,4 do Anexo do citado Decreto, permítense as obras solicitadas, sendo o uso de farmacia (sanitario) un uso permitido neste tipo de solo, segundo o punto 1.4.3 do Decreto 102/2006

- De conformidade co disposto no artigo 144 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esta circunstancia. E o artigo 24.2 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia dispón que, se para o desenvolvemento da actividade se precisa a realización dunha obra, a documentación descrita no apartado 1 presentarase coa comunicación previa prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra, se proceder, e logo de rematar a obra, presentarase comunicación previa para o inicio da actividade.

Consta no expediente a documentación relativa á actividade de farmacia que resulta necesaria para a tramitación deste expediente, descrita no punto 1 dos antecedentes, cuido contido se adecúa ao disposto no artigo 11 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (en diante, RIAE), non resultando exixibles máis documentos que os achegados.

Conclúe o informe xurídico sinalando que visto canto antecede, considera que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante resolución do 3 de xullo de 2015

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

## Concello de Viveiro

---

Primeira.- Conceder a D. Pedro Michelena Miranda, licenza municipal para obras de construción dun edificio composto de planta soto, baixa, primeira e baixo cuberta para farmacia en Torre, N.º 91 Celeiro, deste Municipio, na finca de referencia catastral 3972609PJ1337S0002UZ, de acordo co proxecto básico asinado polo arquitecto Francisco J. Hermida Trastoy en outubro de 2016, e baixo a súa dirección facultativa.

Segundo.- As condicións ás que se suxeita a licenza son as seguintes:

- O promotor deberá constituir na Tesourería municipal unha fianza de 2.500,00 € en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de construción.
- Debe constituirse unha fianza por importe de 3.015,15 € en concepto de garantía da execución das obras simultáneas ás de edificación para acondicionamento do fronte da parcela no recuamento establecido na ordenanza de aplicación con respecto ás aliñacións de planeamento, execución das beirarrúas.
- Antes da iniciación das obras, o promotor deberá achegar o proxecto de execución. O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.
- O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.
- A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número do expediente.
- Unha vez rematadas as obras, deberá achegar a comunicación previa de inicio da actividade. Unha copia selada da comunicación previa deberá expoñerse nun lugar visible e de fácil acceso do establecemento, e deberá ser exhibida cando llo requira unha

## Concello de Viveiro

---

inspección administrativa ou calquera persoa para a cal se realice a actividade.

Terceiro .- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan e comunicación á Tesourería municipal respecto á obriga de constitución da fianza de 2.500,00 € en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de construción e de 3.015,15 € en concepto de garantía da execución das obras simultáneas ás de edificación para acondicionamento do fronte da parcela no recuamento establecido na ordenanza de aplicación con respecto ás aliñacións de planeamento, execución das beirarrúas.

### **5.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS**

#### **EXPTE. 1033/2017.-**

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D. Argimiro Alvarez Vázquez, con domicilio en Avda. Cantarrana, nº 11-4º B, Covas, en Viveiro.

Visto o informe da traballadora social no que se propón conceder o servizo de axuda no fogar solicitado coas seguintes características:

Contidos prestacionais:	Atencións de carácter persoal e doméstico.
Capacidade económica da persoa usuaria:	>80%<150% IPREM
Aportación económica:	10%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	90%
Duración do servizo:	9 horas semanais
Revisión do mesmo:	Pendente resolución PIA dependencia.
Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda:	Alta efectiva por vía de urxencia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder o servizo de axuda no fogar D. Argimiro Alvarez Vázquez, coas características especificadas no informe da traballadora social, con alta efectiva mediante vía de urxencia, sinalando que non debe sobrepasarse o importe establecido no orzamento para dito servizo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos



## Concello de Viveiro

---

Sociais para o seu coñecemento e notificación ó interesado.

### **EXPTE. 1106/2017.-**

Visto a solicitude de devolución de aval presentada por D. Wenceslao Cora Fernández, en data 6 de febreiro de 2017, co nº de rexistro 2017-E-RC-605, referente á fianza depositada en concepto de garantía para a acometida á rede de subministro eléctrico e instalación dunha fosa séptica en Portociño, Landrove, en Viveiro, que ascende á cantidade de 2.000,00 euros, en relación co expte. URB/296/2013.

Visto o informe do vixiante urbanístico, no que se indica que as obras están rematadas e o espazo público quedou en perfectas condicións, polo que estima procede a devolución da fianza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Proceder á devolución da fianza depositada por por D. Wenceslao Cora Fernández, para responder da licenza URB/296/2013, que ascende á cantidade de 2.000,00 euros, depositada no seu momento.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Tesourería para proceder á súa devolución e notificación ao interesado.

### **EXPTE. 1122/2017.-**

Vista a solicitude de D. José Ferreira Noguero, de data 09 de febreiro de 2017, de dar de baixa a inscrición dun can de raza perigosa polo falecemento do mesmo.

Visto que ó interesado presentou a baixa do rexistro de identificación de animais domésticos e potencialmente perigosos da Xunta de Galicia.

Visto que a licenza municipal do citado animal foi concedida na Xunta de Goberno Local, de data 01-10-09, e non se renovou ós cinco anos, sendo este motivo causa de caducidade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda.

Primeiro.- Dar de baixa no rexistro municipal de perros de raza perigosa o animal que figuraba inscrito, co microchip nº 941000011357620, propiedade de D. José Ferreira Noguero, por acreditarse o seu falecemento.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó interesado.

### **EXPTE. 1148/2017.-**

Vista a solicitude de devolución de aval presentada por D. Felipe Fernández

---

## Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

Ferreiro, en data 02 de febreiro de 2017, co Nº de rexistro 2017-E-RC-550, referente á fianza depositada que ascende á cantidade de 250,00 euros, en concepto de garantía para reparación do firme afectado polo entronque á rede municipal no espazo público para o inmovible sito en Augadoce, 17, en Area-Faro.

Visto o informe do vixiante urbanístico, no que se indica que o espazo público quedou en perfectas condicións, polo que estima procede a devolución da fianza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Proceder á devolución da fianza depositada por D. Felipe Fernández Ferreiro, que ascende á cantidade de 250,00 euros, depositada no seu momento.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Tesourería para proceder á súa devolución e notificación ao interesado.

### **EXPTE. 1144/2017.-**

Visto o escrito presentado por D<sup>a</sup>. Marina Franco Pérez, no que reivindica a aclaración da numeración da súa vivenda e devolución de numeración e placa, co nº 131 de Xunqueira.

Visto o informe emitido polo Negociado de Estadística, de data 09-11-16, no que informa que o número 131 efectivamente esta no inmovible sito enfrente á vivenda de D<sup>a</sup>. Marina Franco Pérez, e que a súa vivenda se lle determinará o que lle corresponda nunha próxima reenumeración que efectuará o municipio.

Visto o informe emitido polo Negociado de Estatística, de data 10-02-17, no que informe que:

- “1.- Polo vixiante fiscal efectuouse visita ao lugar e observa que dito inoble, actualmente en ruina, non ten número asinado e no catastro está calificado como solo.*
- 2.- O número 131 pertence á vivenda de Referencia Catastral 2945102PJ1324N0002TR, e así consta no catastro, situada enfrente á propiedade de dona Marina.*
- 3.- Descoñécese o motivo polo que a Xunta de Galicia lle asigna o número 131.*
- 4.- Estando pendente unha reenumeración do lugar, na que se determinará o número que lle corresponde.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Comunicar á interesada que segundo o manifestado pola encargada do Negociado de Estadística o nº 131 corresponde á vivenda con Referencia Catastral 2945102PJ1324N0002TR, e que na próxima reenumeración que efectúe o municipio determinarase o número que, no seu caso, lle corresponda á súa vivenda.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Estadística para a súa notificación ó interesado.

---

## Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

---

### **6.- RECOÑECIMIENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.**

#### **EXPTE. 1108/2017.-**

O presente expediente retírase da orde do día da Xunta de Goberno Local, posto que unha vez remitido polo departamento correspondente para a Xunta de Goberno Local, remitiuse indicación respecto a que os gastos recollidos no presente expediente, segundo a base 23 das bases de execución do orzamento vixente corresponde a súa aprobación á Alcaldía.

#### **EXPTE. 1109/2017.-**

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do concelleiro de facenda referente ao expediente 1109/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

#### **EXPTE. 760/2017.-**

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, para a aprobación de facturas e obrigas.

Visto o informe de intervención, no que se sinala que, logo de ver as facturas conformadas que se relacionan a continuación, solicítase informe ó Servizo de Contratación sobre a tramitación do procedemento de contratación dos servizos de limpeza. Engádesse no informe de intervención o seguinte:

1.Trátase de gastos realizados no propio exercicio que aínda que pola súa cuantía anual non superan o importe máximo dos contratos menores, superan a duración de un ano, sendo periodicos e repetitivos, non podendo considerarse contrato menor.

2.Existe consignación no vixente orzamento nas aplicacións que se indican, polo importe total de 3.552,39 euros.

3.Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

En base ao exposto conclúe o informe de intervención indicando que manifesta a disconformidade do tratamento como contrato menor, debendo

## Concello de Viveiro

---

tramitar un procedemento aberto, planificando as necesidades que deben de cubrirse e concretar o alcance tanto material como temporal do obxeto da prestación a realizar e impulsar unha contratación racional e eficiente, con concurrencia e publicidade.

Consta no expediente informe do servizo de contratación no que se sinala o seguinte:

1. Que este Servizo de Contratación redactou o correspondente prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas para a contratación da prestación, a tramitar por procedemento aberto e cunha duración de contrato de catro anos.

1

2. Que o referido documento atópase nas fases previas de tramitación e coordinación coa Secretaría municipal para a súa aprobación polo órgano de contratación e posterior convocatoria pública da licitación, prevista para o mes de marzo de 2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, atendendo a que se atopa en tramitación a licitación deste servizo e tendo en conta que entre tanto non se remate o referido proceso de contratación non pode prescindirse do mesmo, e que en virtude da teoría do enriquecemento inxusto debe existir unha correlativa compensación da administración que recibe a prestación a favor do acreedor, acorda:

Primeiro.- Validar o gasto e aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do concelleiro de facenda referente ao expediente 760/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

### **7.- PROPOSTAS DE GASTOS**

Vistas as propostas de gasto presentadas polos Concelleiros, coa fiscalización previa de conformidade pola Intervención, certificando a existencia de crédito, cos números de expedientes: EXPTE. 4403/2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a autorización dos referidos gastos.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Intervención e ós concelleiros proponentes das propostas de gasto aprobadas.

### **8.- ENTRONCAMENTOS.**

## Concello de Viveiro

---

### EXPTE. 1257/2017.-

Vista a solicitude de D. Leandro Vidal Veloso, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Hermosende, nº 3- Galdo, en Viveiro, para realizar o entronque á rede de abastecemento de auga, para a nave con referencia catastral 2827921PJ1322N0001LG, sita en Río Pedroso, s/n, Magazos, en Viveiro, para o tipo de obra: nave.

Resultando que no informe emitido pola empresa concesionaria deste servizo se recollen os seguintes aspectos:

Rede xeral do posible entroncamento	P.E. 200
Diámetro da acometida	32
Lonxitude da acometida	16
Terreo	Asfalto
Observacións	Necesita realizar unha ampliación de red en PE 75 nunha lonxitude de 45 m. E necesario romper asfalto.

Tendo en conta que segundo o referido en dito informe é preciso a realización de obras para levar a cabo a acometida, polo que a autorización para dito entronque non pode concederse sen que o interesado teña presentada a comunicación previa ou concedida a oportuna licenza urbanística para a realización das obras precisas para realizar o entronque.

Resultando que consta no expediente a presentación de comunicación previa para a realización de ditas obras, contando co visto e prace do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Autorizar o entroncamento á rede de abastecemento de auga solicitado por D. Leandro Vidal Veloso, debendo aboar as taxas municipais correspondentes, por un importe de 145,61 euros, segundo o art. 6.1 da Ordenanza

Segundo.- Notificar este acordo ó interesado e á empresa Viaqua, S.A.U.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo a Xestión Tributaria para o seu coñecemento e efectos de notificación ao Departamento de Tesourería e ós interesados.

### EXPTE. 946/2017.-

Vista a solicitude de D. Manuel Cociña González, con domicilio a efectos de notificación en Faro, nº 8, en Viveiro, para realizar o entronque á rede de sumidoiros, para a vivenda con referencia catastral 002500600PJ14A, sita en Faro, Nº 8, en Viveiro, para o tipo de obra: vivenda unifamiliar.

Resultando que no informe emitido pola empresa concesionaria deste



## Concello de Viveiro

---

servizo se recollen os seguintes aspectos:

Rede xeral do posible entroncamento	Pvc 315
Diámetro da acometida	160
Lonxitude da acometida	4
Terreo	Asfalto
Observacións	A acometida discorre por terreos particulares diferentes ao que solicita, aun sendo do mesmo propietario.

Tendo en conta que segundo o referido en dito informe é preciso a realización de obras para levar a cabo a acometida, polo que a autorización para dito entronque non pode concederse sen que o interesado teña presentada a comunicación previa ou concedida a oportuna licenza urbanística para a realización das obras precisas para realizar o entronque.

Resultando que consta no expediente a presentación de comunicación previa para a realización de ditas obras, contando co visto e praxe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Autorizar o entroncamento á rede de sumidoiros solicitada por D. Manuel Cociña González, debendo aboar as taxas municipais correspondentes, por un importe de 14,68 euros, segundo o art. 5.1 da Ordenanza.

Segundo.- Notificar este acordo ó interesado e á empresa Viaqua, S.A.U.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo a Xestión Tributaria para o seu coñecemento e efectos de notificación ao Departamento de Tesourería e ós interesados.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 14:10 horas do día 15 de febreiro de 2017, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.